

Acta da Comisión de Calidade, 9 de febreiro de 2022

Acta da Comisión de Calidade que tivo lugar o día 9 de febreiro de 2022 ás 11:30 horas no Salón de Graos do Campus Remoto, en segunda convocatoria coa asistencia dos membros abaixo indicados [1] e coa seguinte orde do día:

ORDE do DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do coordinador de Calidade.
3. Validación, se proceder, dos informes de coordinación de grao e mestrado DO-0201 P1.
4. Aprobación, se procede, do acordo para iniciar o procedemento de certificación do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade.
5. Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
6. Rogos e preguntas.

Comeza a sesión ás 11:30, seguindo a orde do día.

1. Apróbase.
2. Informe do coordinador de Calidade.
 - a. O coordinador, Ezequiel Rey, informa os asistentes da necesidade de iniciar o procedemento de certificación do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade para poder iniciar o proceso de modificación do plano de estudos do Grao en Ciencias da Actividade Física e do

[1] José Luis García Soidán, Cristina Varela Casal, María Ángeles Conde Rodríguez, Oscar García García, Pablo Lago Manciel, María Lorenzo Rial, María de los Ángeles Fernández Villarino, María Begoña Paz García, Salvador González González, Roberto Silva Piñeiro, Uxío Pérez Rodríguez, Ezequiel Rey Eiras.

Deporte. O Decano informou aos diversos grupos de interese da Facultade da obrigatoriedade establecida pola ANECA no cumprimento das recomendacións ditadas na Resolución 12774/2018 do 18 de setembro de 2018 da Secretaría General de Universidades , polo que se publica o Acordo do Consello de Universidades do 17 de setembro de 2018, pola que se establecen as directrices de adaptación das memorias de verificación dos Graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Tal e coma informou o SGC da Uvigo, para poder levar a cabo a adaptación do plano de estudos e preciso contar con SGC da Facultade certificado.

3. Os coordinadores e as coordinadoras dos diferentes títulos explicaron brevemente o seu informe e as principais accións de coordinación realizadas durante o ano académico. Como cada ano, os coordinadores e as coordinadoras fixeron fincapé na importancia da colaboración do profesorado na elaboración das actas de coordinación na que se expoñen os acordos acadados en cada materia. Finalmente a comisión validou por asentimento os informes de coordinación.
4. Valídase por asentimento o acordo para iniciar o procedemento de certificación do Sistema de Garantía Interna de Calidade da facultade.
5. Valídase por asentimento iniciar o proceso de modificación do plano de estudos do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte para adaptalo as recomendacións ditadas na Resolución 12774/2018 do 18 de setembro de 2018 da Secretaría General de Universidades , polo que se publica o Acordo do Consello de Universidades do 17 de setembro de 2018,

[1] José Luis García Soidán, Cristina Varela Casal, María Ángeles Conde Rodríguez, Oscar García García, Pablo Lago Manciel, María Lorenzo Rial, María de los Ángeles Fernández Villarino, María Begoña Paz García, Salvador González González, Roberto Silva Piñeiro, Uxío Pérez Rodríguez, Ezequiel Rey Eiras.

pola que se establecen as directrices de adaptación das memorias de verificación dos Graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Remata a sesión as 12:30 h.

Vº e Prace.

En Pontevedra, 9 de febreiro de 2022.

Secretario Accidental da Comisión	Presidente da Comisión
Pérez Rodríguez, Uxío	Rey Eiras, Ezequiel.

[1] José Luis García Soidán, Cristina Varela Casal, María Ángeles Conde Rodríguez, Oscar García García, Pablo Lago Manciel, María Lorenzo Rial, María de los Ángeles Fernández Villarino, María Begoña Paz García, Salvador González González, Roberto Silva Piñeiro, Uxío Pérez Rodríguez, Ezequiel Rey Eiras.